



PALMEIRA EXCELSA

Trachycarpus fortunei

SABÍAS QUE...? O palmito é unha das palmeiras máis resistentes ao frío e facilmente recoñecible polo seu tronco moi peludo.

É unha especie da familia das Arecaceae, orixinaria da China central e oriental, pero plantada como planta ornamental en todas as zonas tépedas, cunha alta presenza nos países mediterráneos.

Nome común: Palmera excelsa (cast.); Palmeira excelsa (gall.); Chusan palm (ingl.).

Etimoloxía:

- *Trachycarpus*: O seu nome científico procede dos vocábulos gregos «Trachys» (rudo, áspero) e «karpós» (froito), que describen á perfección ao basto dos seus froitos
- *fortunei*: epíteto outorgado en honra de Robert Fortune, botánico que introduciu a planta do té na India

Descrición da especie: Este palmito caracterízase por un estípite solitario, non ramificado e sen vástagos na súa base, de 10-15 m de altura. Con pecíolos foliares pouco ou nada espiñentos. Adoita estar cuberto polos restos das bases das follas vellas e caídas. As follas, nun abundante penacho terminal, son de cor verde escuro e brillantes polo seu feixe, claras e cincentas polo envés. Alcanzan os 120 cm de diámetro e están divididas até a base en segmentos erectos ou curvos. O seu pecíolo, de até 90 cm, ten a base fibrosa e a marxe finamente serrado. O seu inflorescencia é interfoliar e en panículas ramificadas. As flores son pequenas, perfumadas e dunha tonalidade amarela moi sedutora. Son moito máis curtas que as follas e están protexidas por dúas a catro brácteas tamén amareladas. O froito da *Trachycarpus fortunei* é unha drupa morada cunha forma esférica rechamante, que se asemella á dun ril.

